

## CALENDARIO E PROCEDEMENTO DE SOLICITUDES NOVOS MESTRADOS CURSO 2011-2012

### Aprobado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2011

No vindeiro curso 2010/11 a UDC terá rematada a adaptación das titulacións existentes a graos. A Comunidade Autónoma galega non contempla a posibilidade de proposta de novos graos mais sí ten previsto abrir un prazo para a solicitudes de proposta de novos mestrados universitarios para implantar no curso 2011/2012.

O feito de que no ámbito estatal a implantación dos mestrados universitarios tivese lugar antes que a implantación dos graos provocou en certos casos unha disfunción no equilibrio -por exceso ou por defecto- da relación entre os graos existentes e a oferta de mestrados universitarios.

Por esta razón, a UDC debe determinar unhas directrices que, a medio prazo, permitan deseñar unha oferta axustada, viable e que responda ás expectativas dos egresados da nosa universidade mais tamén dos titulados doutras universidades que opten por cursar estudos na UDC.

De cara as novas propostas se potenciarán aquelas que teñan carácter interuniversitario e internacional, valorándose positivamente que a súa impartición sexa nunha alta porcentaxe en lingua inglesa.

A participación das universidades deberá ser real tanto no número de créditos asignado á UDC como ao profesorado participante da nosa universidade, e seguiranse, en todo caso, as directrices que estableza o Ministerio para este tipo de títulos conxuntos. Así mesmo, é necesario que se estude a viabilidade do mestrado en relación co posible número de alumnos, analizando a oferta de graos no centro, o número de egresados, así como os mestrados existentes no centro.

En casos excepcionais, en que as propostas, debidamente xustificadas, sexan estratéxicas para a Universidade da Coruña, os mestrados poderán ser únicos da UDC.

O procedemento para a elaboración das propostas de mestrados universitarios será o seguinte:

A proposta de mestrado será elaborada por unha Comisión aprobada por Xunta de Centro.

A Comisión está composta como mínimo polos seguintes membros:

Decano/a, Director/a do Centro que a presidirá

Secretario/a do centro que actuará como secretario/a da Comisión

Un representante de cada un dos departamentos adscritos ao centro

Un representante por todos os departamentos non adscritos

Un representante do PAS

Un do alumnado.

Quedando establecido que esta é a composición mínima da Comisión, tamén poderán formar parte da mesma outros membros eleixidos pola Xunta de Centro que sexan expertos nos contidos a tratar no mestrado.

No seguinte cadro se expón un calendario de elaboración e aprobación das propostas que estará suxeto as modificacións que podan vir impostas toda vez que se establezan os prazos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e/ou no Ministerio de Educación.

## Calendario e procedemento para a elaboración, aprobación e implantación de títulos de Mestrado Universitario para o curso 2011-2012

Fase	Acción	Órgano responsable	Contido/observación	Prazos
Propostas de título e denominación	<b>1. Elaboración</b> da proposta de Mestrado Universitario	Comisión acordada pola Xunta de Centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Denominación do título seguindo as directrices actuais do Ministerio de Educación e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</li> </ul>	Ata o 30 de xuño de 2010
	<b>2. Aprobación</b> da denominación da proposta de Mestrado Universitario	A Xunta de Centro		
	<b>3. Remisión</b> da proposta de Mestrado Universitario a Comisión de Mestrado e Doutoramento	Decanas/os e directoras/es de centro		
	<b>4. Informe</b> da Comisión de Mestrado e Doutoramento sobre as propostas presentadas	Comisión de Mestrado e Doutoramento		Ata o 15 de xullo de 2010
títulos en elaboración	<b>5. Elaboración</b> do plano de estudos e do informe sobre o custo da transformación	Comisión acordada pola Xunta de Centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Borrador completo do título no formato da aplicación "Verifica"</li> <li>Informe sobre o custo da transformación</li> </ul>	Antes do 30 de setembro de 2010
	<b>6. Aprobación</b> do plano de estudos e do informe sobre o custo da transformación	Xunta de Centro		
	<b>7. Exposición Pública</b>	Centro		Ata o 7 de outubro de 2010
	<b>8 Remisión</b> da proposta do título, alegacións recibidas e resposta ás mesmas á Comisión de Mestrado e Doutoramento	Decanos/as, Directores/as centros		Antes do 12 de outubro de 2010
estudo de planos de títulos e aprobación	<b>9. Informe</b> da Comisión de Mestrado e Doutoramento	Comisión de Mestrado e Doutoramento		Antes do 29 de outubro
	<b>10. Aprobación</b> da proposta de Mestrado Universitario	Consello de Goberno		Antes do 30 de novembro de 2010
	<b>11. Aprobación</b> da proposta de Mestrado Universitario	Consello Social		Antes do 17 de decembro de 2010